

CONCRECIÓN CURRICULAR DO IES PEDRA DA AUGA SEGUINDO A ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022 POLO QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN EN PRIMARIA, ESO E BACHARELATO DOG 11/02/22.

ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios do outorgamento de matriculas de honra (ESO/BAC)**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

a) Criterios de promoción.

O finalizar cada un dos cursos da etapa, o equipo docente, na sesión de avaliación final decidirá sobre a súa promoción. Tendo en conta:

- Consecución de obxectivos.
- Grado de adquisición das competencias.
- Valoración das medidas que favorezan o progreso do alumnado.

Tendo en conta todo isto, conseguirase a promoción dun curso ao seguinte aquel alumnado que:

- Aprobe todo.
- Teña avaliación negativa en unha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as dos cursos anteriores.
- Ademais o equipo docente (o profesorado que lle dea clase) poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das calificacións obtidas en tódalas materias e en tódolos ámbitos no que esté matriculada ou matriculado nese ano académico sea igual o superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. A estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que 2/3 do equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir co éxito o curso seguinte.

d) Que 2/3 do equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que 2/3 do equipo docente considere que dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Aquel alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considérase unha medida excepcional e tomarase logo de

esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe dese alumnado. Hai que facer un plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

a. Criterios de titulación.

Ao finalizar o cuarto curso da etapa o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión da avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. Para esa decisión terase en conta á adquisición das competencias e á consecución dos obxectivos de etapa e tendo en conta os seguintes criterios de titulación, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado:

1. Supere todas as materias e ámbitos cursados.
2. Además do caso anterior, $\frac{2}{3}$ do equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das calificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos na que esté matriculada ou matriculado nese ano académico sea igual ou superior a cinco.
 - b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
 - c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzou os obxectivos da etapa.

FPB

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

BACHARELATO.

a) Criterios de promoción.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

b) Criterios de titulación.

O título de bacharelato acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado obterá o título de bacharelato:

- Teña avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
- Excepcionalmente, O equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bachiller cando supere todas as materias excepto unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c) Que a alumna ou o alumno presentouse ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das calificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requieran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se finaliza sea igual ou superior a cinco. Aos efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

2. Criterios do outorgamento de matriculas de honra (ESO/BAC)

- **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.**

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual o superior a nove puntos poderán recibir mención de matrícula de honra. A devantita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

Criterios de concesión de matrícula que se seguen no centro son:

- ✓ **Maior nota media de toda a ESO**
- ✓ **Maior nota media en 4º ESO**
- ✓ **Maior número de 10 en 4º ESO**
- ✓ **Maior nota media en 3º ESO**
- ✓ **Maior número de 10 en 3º ESO**
- ✓ **Maior nota media en 2º ESO**
- ✓ **Maior número de 10 en 2º ESO**
- ✓ **Maior nota media en 1º ESO**
- ✓ **Maior número de 10 en 1º ESO**
- ✓ **Sorteo**

- **BACHARELATO**

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de segundo curso, obtivesen unha nota media do segundo curso igual o superior a nove puntos poderán recibir

mención de matrícula de honra. A devantita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

Criterios de concesión de matrícula que se seguen no centro son:

- ✓ **Maior nota media de todo o Bacharelato**
- ✓ **Maior nota media de 2º Bacharelato.**
- ✓ **Maior número de 10 en 2º de Bacharelato.**
- ✓ **Maior nota media en 1º Bacharelato.**
- ✓ **Maior número de 10 en 1º de Bacharelato.**
- ✓ **Sorteo**